

RELACIÓN DE OBRAS MAIORES SUXEITAS AO RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA

1. Reforma de vivendas existentes, que modifiquen a distribución interior sen afectar a estrutura do edificio.
2. Restauración de fachadas, medianeiras, patios ou terrazas (excepto limpeza e pintado) e renovación de material de cubrición en cubertas sen afectación estrutural.
3. Obras de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica:
 - a) Alpendres.
 - b) Galpóns de uso non residencial nunha soa planta, sen forxados, placas ou estrutura horizontal, cunha superficie máxima de 25 m².
 - c) Piscinas cunha superficie máxima de 30 m² e unha profundidade máxima de 1,50 m.
4. Construción de peches e valados de parcelas e solares (excepto muros de contención).
5. Obras puntuais de reestruturación ou consolidación e muros de contención de altura menor de 1,50 m.
6. Instalación de estacións ou infraestruturas radioeléctricas de comunicación, instalación de infraestruturas comúns de telecomunicacións ou placas solares fotovoltaicas nos edificios.

EXCEPCIÓN: As instalacións radioeléctricas en elementos catalogados, dominio público, espazos naturais protexidos ou superficie superior a 300 m² requirirán tramitación de licenza.